


MARCONI E O MUSEO MASSÓ: 85 Anos da súa xénese

Xerardo Dasairas



Guillermo Marconi e o iate "Elettra"

O 10 de maio de 1928, atraca no porto de Vigo o iate "Elettra", propiedade do xenial inventor italiano Guillermo Marconi, que percorría diversos países de Europa probando desde un laboratorio experimental a bordo, o seu sistema de telegrafía sen fíos. O científico xa gozaba de grande popularidade en todo o mundo, polo que a súa visita, suporía un grande acontecemento. Ao día seguinte da súa chegada, foi cumprimentado na cidade olívica polo alcalde, Sr. Alonso Cuenca e os presidentes da Cámara de Comercio, da Unión de Entidades Locais e do Círculo Mercantil.

Ademáis destas autoridades, recibiría a atención do potentado fomentador da época Güido Pagani, que como ademáis era cónsul do Fascio italiano, obsequiaría con bombóns a Marconi, á súa dona e ás belas señoritas presentes. Outros grandes conserveiros como Francisco Cervera e os Massó, tamén participarían nas atencións dispensadas ao inventor, poñendo o primeiro, á súa disposición, unha modernísima "canoa-automóbil", entanto os segundos correrían coas excursións.

Xa que logo, o día 11 emprenderían un periplo en automóbil, tomando a estrada de Pontevedra cara Figueirido, San Adrián de Cobres, o "Gaján" e Bueu

onde foron agasallados na factoría dos Massó. Neste lugar, foille mostrado o acopio de maquinaria, embarcacións, trebellos e documentación antigos que viñan facendo os Massó. Ante isto, Marconi suxeríralles a idea de conformar un museo do mar, *comprometéndose ademáis a asistir persoalmente á súa inauguración*, manifestando, asemade, *que marchaba encantado da beleza desta terra da seguridade da ría, polo que desexaba repetir a súa visita, "a ser posible, en época de regatas"*. Ao atardecer deste día, Marconi embarcaría en Cangas no seu iate en espera de novos cumprimentos sociais.

Non sabemos se sería polo atracón de beleza ou por outras cousas, o caso foi que Marconi indispúxose e tivo que suspender unha prevista viaxe a Santiago no día seguinte. O día trece, ás catro da tarde, o iate "Elettra" levaría áncoras rumbo a Inglaterra e nunca máis se soubo del por este lares.

Mais como todos sabemos, aquela idea frutificaría e hoxe, apesar de moitas dificultades e atrancos, conforma unha marabillosa realidade para Bueu: *Poder contar cun Museo e Biblioteca marítimos, sen igual en Galicia.*



Edificio que alberga o Museo

Barcos de papel


Luisa Muñoz Abeledo: Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia, 1870-1970. Barcelona, Icaria, 2010, 340 págs. 20 euros.

Este libro, que xa foi presentado en Bueu, toma como base do estudo, a evolución das fábricas de salgazón e conservas de Massó. Froito da tese doutoral da autora, fai unha importante contribución aos estudos sobre xénero e mercado de traballo, analizando o impacto da industrialización nos niveis de actividade feminina, as súas pautas, modelos de evolución...

A autora, doutora en Historia Económica pola U. A. de Barcelona e profesora na USC, analiza a participación das mulleres no mercado laboral no sector de transformación do peixe ao longo dun século, da tecnoloxía, dos conflitos, dos salarios, do nivel de vida, etc.

Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia

1870-1970



Luisa Muñoz Abeledo

HISTORIA DE GALICIA

Publicacions I Edicions
Historia de Galicia
Icaria editorial